

ACORDO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA FORTALEZA DE SALVATERRA DE MIÑO

Por unha banda, Ángeles Vázquez Mejuto, en nome e representación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, actuando no exercicio do seu cargo, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio) e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Por outra, María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 120/2020, do 10 de setembro (DOG núm. 185, do 11 de setembro), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Da outra, Marta Valcárcel Gómez, alcaldesa-presidenta do Concello de Salvaterra de Miño, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente acordo de cooperación,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia.

Dentro da consellería correspóndelle á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial, de conformidade ao apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería e do Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 94 do 16 de maio).

Segundo.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso, coordinación e execución da política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, mantemento e conservación, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Así mesmo a Axencia Turismo de Galicia é a entidade encargada da organización do Ano Santo Xacobeo 2021, que foi declarado de excepcional interese pola disposición adicional octoxésima sétima da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 e lle corresponde así mesmo, a execución do programa de actuacións e actividades, de conformidade co establecido no acordo adoptado na Comisión Executiva do Consello Xacobeo celebrado o 6 de novembro de 2018, o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de novembro de 2018 e a aceptación por parte da Axencia de Turismo de Galicia das facultades atribuídas do 19 de novembro de 2018.

Terceiro.- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), competencias en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais.

O Concello de Salvaterra de Miño considera necesaria a execución da obra obxecto de convenio con destino ao uso ou servizo público, e así o manifestou ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que en uso das súas competencias, coincide co concello no uso público da obra.

A actuación conxunta que se vai levar a cabo consiste nunha intervención dentro da Fortificación de San Lourenzo de Salvaterra e o seu obxecto está definido no proxecto de "Humanización da Fortaleza de Salvaterra de Miño" que constitúe a terceira fase do proxecto de "Rehabilitación das murallas". Este proxecto de humanización propón a

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



repavimentación, a revisión de infraestruturas urbanísticas, o soterrado de redes e a dotación de novas infraestruturas urbanísticas na Praza da Oliva e nas rúas centrais do recinto murado de Salvaterra.

Preténdese mellorar a calidade ambiental do poboado cunha actuación xeral nas súas rúas, revitalizando a zona residencial o que fai que a actuación, pola súa finalidade, forme parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, as actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Polo tanto, atendendo á finalidade da actuación, considerase que forma parte das liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda definidas no xa citado artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo

Cuarto.- As condicións ás que debe axustarse a execución deste acordo entre a Xunta de Galicia e a devandita corporación local, para a realización de obras cuxa titularidade corresponda a estas últimas e que terán pro destino o uso ou servizo público, veñen reguladas polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo.

A execución pola Comunidade Autónoma de determinadas obras en réxime de cooperación con outras entidades públicas esixe, cando teñen por finalidade a satisfacción directa de necesidades cuxa prestación corresponde a esta entidades, a posta en marcha de mecanismos que, respectando o marco legal patrimonial vixente, posibiliten a realización das mesmas cos marxes de eficiencia e seguridade requiridos.

Quinto.- De conformidade cos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como a cooperación interadministrativas para a aplicación da normativa reguladora dunha materia ou actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens. Concretamente o artigo 143.1 establece: "As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, se formularán en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios nos que se preverán as condicións e compromisos que asuman.

O artigo 48 da citada Lei de réxime xurídico do sector público establece que as Administracións públicas e os organismos públicos, no ámbito das súas competencias,

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia Galega de Turismo, e o Concello de Salvaterra de Miño, no exercicio das súas competencias, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración para abordar a execución das obras citadas, a través dun acordo de cooperación que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Salvaterra de Miño, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Humanización da Fortaleza de Salvaterra de Miño", que constitúe a terceira fase do proxecto de "Rehabilitación das murallas", conforme ao proxecto que define as actuacións obxecto deste acordo, cun orzamento total de seiscentos doce mil trescentos noventa e oito euros con trinta e oito céntimos (612.398,38 €).

En todas as actividades de promoción obxecto do presente acordo de colaboración deberá figurar a marca do Xacobeo Galicia 21-22.

Segunda.- Compromisos do concello

O Concello de Salvaterra de Miño comprométese a:

- 1.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.
- 2.- Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a explotación e conservación das mesmas.

4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.

5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia asume as seguintes obrigas:

1.- A través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda:

a.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación orzamentaria 08.04.521A 607.1, código de proxecto 2022 00218, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, un importe de trescentos sesenta e dous mil trescentos noventa e oito euros con trinta e oito céntimos (362.398,38 €), equivalente ao 59,18 % do orzamento total deste acordo, distribuídos nas seguintes anualidades:

- 2022: 190.000,00 €
- 2023: 172.398,38 €

b.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e a dirección das obras sinaladas na cláusula primeira, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados, e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao Concello de Salvaterra de Miño para a súa incorporación ao servizo e uso público.

c.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, esta poñerá en coñecemento do Concello de Salvaterra de Miño, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

2.- A través da Axencia de Turismo de Galicia asume a obriga de financiar a execución das actuacións obxecto deste acordo, cunha achega de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €), equivalente ao 40,82 % do orzamento total deste acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.616.0, código de proxecto 2015 00001, distribuídos nas seguintes anualidades:

- 2022: 30.000,00 €
- 2023: 220.000,00 €

O importe será obxecto de retención de crédito para a súa posterior baixa na aplicación orzamentaria 05.A2.761A.616.0, código de proxecto 2015 00001, dos orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para os anos 2022 e 2023.

O citado importe, será ampliado no orzamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda na aplicación orzamentaria 08.04.521A.607.1, proxecto 2022 00218, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023, en virtude do acordo asinado entre a consellería e a Axencia de Turismo o 17 de outubro de 2022.

Cuarta.- Relación laboral

A subscrición do presente acordo non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Quinta.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do presente acordo poderá constituírse unha comisión de seguimento, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado pola persoa titular da alcaldía ou persoa en quen delegue e a persoa titular da concellería responsable de obras e/ou infraestruturas.

A dita comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do acordo, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do acordo por algunha das partes.

Sexta.- Resolución

Serán causas de resolución deste acordo as seguintes:

- O transcurso do prazo de vixencia do acordo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgúns dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución determinado na cláusula quinta, e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución, e entenderase resolto o convenio. A extinción do convenio por esta causa, poderá conlevar o pago dunha indemnización polos prexuízos causados derivados de actuacións xa executadas ou como consecuencia doutras actuacións que teñan que asumir debido ao referido incumprimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do acordo.

Non obstante, se cando concorre calquera destas causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento,

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



vixilancia e control deste acordo, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Sétima.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Acordo, agás aquelas modificacións de carácter técnico aprobadas polo órgano de contratación de acordo coa normativa de contratos administrativos que non impliquen a superación do importe máximo reflectido na cláusula terceira do acordo.

Oitava.- Natureza

Este acordo ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de normas reguladoras da Administración local de Galicia, polo Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais lexislación sobre a materia obxecto do mesmo e demais normas de Dereito administrativo e en defecto deste último polas normas de Dereito privado, sendo competente para entender nos litixios que puideran xurdir a Xurisdición Contencioso Administrativa.

Novena.- Publicidade e rexistro

As partes asinantes deste acordo outorgan o seu consentimento expreso para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo primeira.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de dous anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
A directora da Axencia de Turismo de Galicia

A alcaldesa-presidenta do Concello de Salvaterra de Miño

Ángeles Vázquez Mejuto

María Nava
Castro Domínguez

Marta Valcárcel Gómez

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

